

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO “SEGURO CONTRA INCENDIOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS”.- APERTURA DOS SOBRES “A” (DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA), E “B” (OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN)

ASISTENTES:

- D. JUAN MANUEL REY REY, Alcalde-Presidente do Concello, actuando como Presidente da Mesa.
- D^a ANA ISABEL DEL CERRO DEL RÍO, Secretaria xeral do Concello, actuando como vogal da Mesa.
- D^a SUSANA VARELA ESCALONI, Interventora do Concello, actuando como vogal da Mesa.
- D. JOSÉ MANUEL SALGADO LATORRE, Tesoureiro do Concello, actuando como vogal da Mesa.
- D^a ESTHER CALDAS BLANCO, Funcionaria do Concello, actuando como Secretaria da Mesa.

Na Casa do Concello, sendo as 10,15 horas do día 30 de novembro de 2011, réunese a Mesa de contratación do “**SEGURO CONTRA INCENDIOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS**”, coa asistencia dos arriba indicados, co fin de proceder á calificación previa da documentación contida no sobre “A” das proposicións presentadas polos licitadores que concorren.

A Secretaria da Mesa informa ós membros da mesma das proposicións presentadas en tempo e forma para participar no procedemento de contratación de acordo co Informe emitido pola encargada do Rexistro de data 28 de novembro de 2011.

• **PROPOSICIÓNS PRESENTADAS:**

- **ZURICH.-** Proposición presentada o 25.11.2011. Sobre A con rexistro de entrada nº 2025, sobre B con rexistro de entrada nº 5026.
- **MAPFRE.-** Proposición presentada o 25.11.2011. Sobre A con rexistro de entrada nº 5036, sobre B con rexistro de entrada nº 5037.

Á vista da documentación presentada no sobre “A” polas empresas que concorren á licitación, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos presentes, declarar admitidas tódalas proposicións presentadas.

A continuación, e sendo as 10,25 horas, procédese á apertura dos sobres “B” (oferta económica a documentación) presentadas polos licitadores que concorren, lendo en voz alta para público coñecemento dos presentes o seu contido, co seguinte resultado:

- **ZURICH.-** Presenta a oferta económica seguinte:
 - 1.- Prezo Anual do Contrato: 3.482 euros.
 - 2.- Franquicia: 10% sobre o importe da indemnización que corresponda.
- **MAPFRE.-** Presenta a oferta económica seguinte:
 - 1.- Prezo Anual do Contrato: 3.495 euros.
 - 2.- Franquicia: 5% sobre o importe da indemnización que corresponda.Salvidade ao Prego: Non se asume cobertura i) Responsabilidade Civil do Prego de prescripcóns técnicas.

A Mesa de contratación acorda, por UNANIMIDADE dos seus membros:

1º) Rexeitar a proposición presentada por MAPFRE por non aceptar integramente o Prego.

2º) Remitir as proposicións presentadas á Interventora municipal co obxecto de que proceda á valoración das mesmas de acordo cos aspectos obxecto de Negociación coa Empresa previstos na cláusula VIII do prego regulador.

Non sendo outro o obxecto do presente acto, polo Presidente da Mesa, D. Juan Manuel Rey Rey, dase por finalizada a sesión sendo as dez horas trinta minutos do expresado día, levantando a presente acta, do que eu, como Secretaria da Mesa, dou fe.